

PRIMEIRAS VERBAS

Pra Leticia de todos e pra enseño de moitos,
sai oxe Nós.

É a ansia qu'oxe siente Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmortal, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, absoluta, in-

quebrantable na vitalidade e no xenio da nostra Raza, e mais na eficacia do nosso esforzo pra levala ó cumplimento do seu fado glorioso. Oxe chegou á vida na nostra Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperialismo deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nostra autividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos d'integración da Patria galega no seu xa rico polimorfismo.

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humoristas; pódense pór en calquera das posiciós possibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos.

Nós ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todos os valores galegos: dos nossos valores tradicionás, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nostra Terra.

Nós ha ser a representación no mundo da personalidade galega na sua ansia de s'affirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.



Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nostra orixinalidade específica, a nostra capacidá de creación, o nosso autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir entremediarios antr'o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as súas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó público do movemento das ideias no mundo civilizado.

Nada mais.

E, ós que s'asombren da nostra confianza, da nostra firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle decir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que todal-as forzas do espírito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en todos os que sintan d'iste xeito.

A todos os que nos lean

SAÚDE E TERRA.

[Nós, Boletín Mensual da Cultura Galega, órgao da Sociedade Galega de Publicaciós "Nós". Ano I. Ourense 30 Outono 1920. Núm. 1, pp. 1 e 2.]